



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN EXPONAV PARA CONTRIBUIR AO FUNCIONAMENTO DO MUSEO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL NO ANO 2025.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O Director Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

**DECLARA:**

Que a Dirección Xeral de Cultura ven de formalizar coa Fundación EXPONAV o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2025.

**Que o instrumento convencional ten por obxecto:**

A colaboración da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude coa Fundación EXPONAV para contribuir ao funcionamento do Museo da Construcción Naval no ano 2025.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes para a consecución do obxecto referido.

**Que o instrumento convencional que se pretende asinar basease no seguinte:**

**Primeiro:** Que a "*Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas – EXPONAV*" (en adiante EXPONAV) é unha entidade sen ánimo de lucro constituída baixo a forma xurídica de fundación que ten a clasificación, declaración e inscrición no rexistro de Fundacións do Ministerio de Defensa.

O Museo da Construcción Naval é o principal museo marítimo español dedicado á historia da construción naval no mundo e, en particular, en España. Considérase polos expertos o museo máis completo de Europa na súa temática. A exposición constitúe un dos eidos obxecto da fundación; outro ámbito de enorme interese é o extenso legado documental en forma de monografías, planos e outros documentos ao servizo do investigador.

O Museo da Construcción Naval foi creado co propósito de servir de lugar de encontro entre a sociedade, a industria e a comunidade científica para divulgar o desenvolvemento das técnicas de construción dos buques e os materiais empregados, presentando os diversos aspectos relacionados con esta materia:





dende a evolución das tecnoloxías e ferramentas ata o momento máis importante dun barco, a botadura e a navegabilidade posibilitando a comprensión desta tecnoloxía e o coñecemento do noso pasado naval.

**Segundo:** A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, dentro dos seus ámbitos de competencias, amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais que teñan por obxecto a protección e conservación do noso patrimonio cultural.

**Terceiro.** De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia para o outorgamento desta axuda non é posible promover a concorrência pública dado o carácter singular das actividades subvencionadas, que non as vai desenvolver ningunha outra institución coa proxección nacional e internacional de EXPONAV. Así mesmo, resulta de utilidade pública tanto pola diversidade de sectores de poboación coma polo número de persoas que participan nelas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O Director Xeral de Cultura

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

